

NORMATIVA DE COMPETICIÓN E RÉXIME DISCIPLINARIO DO I TORNEO CONCELLO DE AS NEVES “MEMORIAL ARTURO”

Co simple ánimo de conseguir unha competición o máis deportiva posible que implique o respecto mutuo entre xogadores, xuíces e directivos o estricto cumprimento da competición, súa infracción, coma nos demais ordes do ámbito social están suxeitas a xuízo e penalización.

Artigo 01º.-

O número de fichas que cada club poderá dilixenciar será como máximo de 12(doce) e mínimo de 6(seis) durante a primeira fase.

Igualmente para poder xogar a segunda fase do torneo, o xogador terá que haber sido inscrito nalgún encontro da primeira fase.

Artigo 02º.-

Para poder participar nun encontro o xogador terá que estar identificado na folla de inscrición na relación do equipo que figurará na organización, sendo a idade mínima para inscrición dun xogador haber nacido no ano 2002.

Artigo 03.-

Para o comenzo do encontro só se admite os equipos un atraso de 5(cinco) minutos en liguiña e 10 (dez) minutos en eliminatoria, sendo o horario oficial o da mesa, transcorrido ese tempo se non se atopan sobre o terreo de xogo un mínimo de 4 (catro) xogadores listos para xogar daraselle a dito equipo o partido por perdido polo resultado de tres a cero (3 - 0).

Artigo 04.-

Os partidos xogaranse en dous tempos de 20 (vinte) minutos a reloxo corrido, separados con un descanso de 2 (dous) minutos, tanto na primeira fase coma na fase final. Sera o arbitro o encargado de levar o tempo, parando o reloxo cando as circunstancias do xogo asi o requiren.

Artigo 05.-

A primeira fase do torneo celebrarase por sistema de liga, en tres (A,B,C,) grupos, os grupos A e B estará formado por 4 (catro) equipos e o grupo C por 5 (cinco) equipos.

Artigo 06.-

Pasarán a fase final os 2 (dous) primeiros de cada grupo, o 3º (terceiro) clasificado do grupo C e o mellor 3º (terceiro) do grupo A e B.

Artigo 07.-

Tanto na primeira fase coma na fase final os equipos disporán dun tempo morto en cada unha das partes do partido, o tempo morto e de 1 (un) minuto.

Artigo 08.-

O sistema de puntuación será de 3 (tres) puntos para o vencedor, 1 (un) en cada caso de empate e 0 (cero) puntos para o perdedor.

- A) No caso de empate na liguiña entre dous equipos clasificaranse segundo os seguintes criterios e pola orden a que se indica:
- 1- Resultado entre ambos.
 - 2- Diferenza de goles.

- 3- Maior número de goles a favor.
- B) No caso de empate na liguña entre tres ou mais equipos, clasificaranse segundo os seguintes criterios e pola orden a que se indica:
- 1- Puntos conseguidos entre os equipos empatados.
 - 2- Diferenza de goles entre eles.
 - 3- Maior número de goles a favor entre eles.

Artigo 09.- En caso de empate, tanto en cuartos como en semifinais coma na final, o pase a seguinte ronda definirase co lanzamento de tres dobles penaltis por parte de cada un dos equipos implicados, se persistise o empate, seguiríase lanzando dobles penaltis a muerte súbita (alternativamente ata romper o empate)

Artigo 10.-

A organización tera a facultade de derogar calquera norma existente, así coma incluíla, a cal será comunicada os correspondentes equipos a traves do seu delegado.